
EMENDA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA Á MOCIÓN DO BNG PARA DOTAR DUN ESPAZO ALTERNATIVO DE APARCAMENTO PARA A VECIÑANZA DE ULTREIA E DO BARRIO DA AVENIDA DE SALAMANCA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte **emenda de substitución** á moción do BNG “para dotar dun espazo alternativo de aparcamento para a veciñanza de Ulteira e do Barrio da Avenida de Salamanca”.

TEXTO DA EMENDA: (substituir a proposta de acordo polo seguinte texto)

ACORDO:

O pleno da corporación insta ao goberno local a ter en conta o decálogo de alegacións presentado pola recentemente constituída Plataforma Ulteira:

1. **Ampliar os prazos para poder presentar alegacións** formais ao documento, e que estas se podan realizar despois de que exista unha **reunión aberta con representación tanto técnica como política do goberno municipal**, onde se expoñan os detalles do proxecto e onde se podan resolver as dúbidas pertinentes.
2. Que se inicien os trámites para declarar todo o ámbito como **Área de Rexeneración e Renovación Urbana (ARRU)** e que esta declaración sexa acompañada por decisións prácticas como poden ser as de: ter unha oficina propia -ou persoa de referencia- para atender esta nova ARRU, habilitar axudas para redacción e execución dos proxectos para instalar os elevadores e rampas, asistencia nos trámites coas diferentes administracións, etc.
3. No conxunto da proposta é importante que se tome como un **punto de partida** porque hai moito aínda por definir, nos **seguintes pasos** que se **conte coa participación e opinión da veciñanza**, no relativo ao detalles e pormenores dun espazo que é onde pasamos o noso día a día, para nós non é un simple expediente administrativo máis. Estamos facendo referencia a elementos como: onde instalar os contedores de lixo, que especies de árbores e onde se van plantar, onde e como se van habilitar espazos para estacionar bicicletas, como se deseñará a praza de uso veciñal e comunal no centro do ámbito, o sentido e xiros da circulación de vehículos, os pasos e paradas, etc...
4. Valorando positivamente que o camiño que se propón significa continuar a avanzar na humanización e na dignificación das rúas do noso barrio, **é importante que se trate a cuestión do estacionamento dos vehículos privados**, posto que estamos diante dunha das últimas bolsas de aparcamento para residentes da zona 5. Unha zona de estacionamento para residentes

que xa actualmente arrastra un déficit grande prazas para aparcar, totalmente insuficientes na actualidade.

5. En estreita relación con punto anterior, compre **incorporar ao conxunto da reflexión urbanística o tramo máis próximo da Avenida Xoán XXIII**, que contorna este espazo urbano. Unha reflexión que sirva para continuar a humanizar esta Avenida, para tentar solucionar a fenda que hoxe aínda supón na cidade.
6. A nova Avenida de Xoán XXIII deberá reducir os carrís, a un en cada sentido, e contar con varios pasos de cebra que permitan unha **priorización do tránsito peonil sobre o de vehículos**. Así mesmo, compre explicar o porqué da proposta de localización da pasarela e por que non recuperar o antigo trazado da rúa de Abaixo cara Guadalupe?, se hai que prever un elevador público, tal e como recolle o estudo? ou se pode superarse a actual barreira con ramplas e escaleiras? ou que tratamento se lle vai dar ao tramo final da Avenida de Salamanca no sentido desta conexión peonil.
7. Tamén debería ser en Xoán XXIII onde se estude e planifique unha das **solucións para as prazas de estacionamento para residentes** que se perdan na zona de Ulteira podéndose habilitar os lugares de estacionamento que se perderán na Praza.
8. Así mesmo, e conxuntamente, é importante tamén estudar as **posibilidades de habilitar unha bolsa de estacionamento** -similares a outras que se están a realizar na cidade como a da rúa da Altiboia por exemplo- do outro lado da Avenida, nos espazos que hoxe non están incorporados aos Parques da vaguada de Vite.
9. Completando a reflexión sobre a Avenida de Xoán XXIII solicitamos que se estude a **incorporación de dúas rotondas**, unha para regular os accesos de Ulteira e das rúas Lino Villafinez e Modesto Brocos, que permitan un calmado do tránsito rodado e que se regule moito mellor as entradas e saídas de vehículos nestas zonas do barrio.
10. E por último, é importantísimo que existan compromisos un cronograma e planificación clara, que se saiban os prazos de execución, se vai haber ou non dispoñibilidade orzamentaria e sobre todo que **todas as alternativas** para o estacionamento, mencionadas nos puntos anteriores, estean **habilitadas e a disposición da veciñanza antes de que comece calquera tipo de obra** de urbanización no ámbito.

Santiago de Compostela, 24 de novembro do 2021

Jorge Duarte Vázquez

Marta Lois González

Concelleiro do grupo municipal
de Compostela Aberta

Portavoz do grupo municipal
de Compostela Aberta

À ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO